

# COUSAS DE redondela

Revista de información local
nº2/ 2010


**OS SONS DA AUGA EN REBOREDA** | 4

**JULIO VERNE EN REDONDELA** | 6

**REDONDELA CON HAITI** | 10

**A LENDA DE PEPA A LOBA** | 14










# Busca en Galicia
# a garantía de calidade e servizo




CALIDAD TURISTICA

Q é unha certificación do Instituto de Calidade Turística Española que garante a calidade do servizo. Búscaa en hoteis, balnearios, restaurantes, espazos naturais protexidos, casas rurais, axencias de viaxes e campamentos turísticos de Galicia…

Para máis información, chama ao **+34 902 200 432**

TURGALICIA XACOBEO 2010 Galicia XUNTA DE GALICIA turgalicia.es

COUSAS DE
# redondela




## ÍNDICE


4 RUTA

6 COUSAS ...

8 EMPRESA

10 SOLIDARIEDADE

12 CULTURA

14 LENDA

15 SOCIEDADE

16 ACTUALIDADE

18 AXENDA

20 DIRECTORIO

22 QUEN É QUEN



Nº 2/2010

Revista de información local
Xestión Publicidade:
981530200

Edita:
INICIATIVAS AUDIOVISUALES, S.L.
Rúa do Penedo, 1-baixo.
15706 Santiago de Compostela

Redacción:
QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Depósito Legal:
C 2475-2010

Distribución:
PUBLICITY



A empresa se reserva todos os dereitos da publicación, sin que poida reproducirse total ou parcialmente o seu contido, sen o consentimento previo dos editores.

# SENDEIRISMO DE VIGO A A CAROSA:

# OS SONS DA AUGA EN REBOREDA




Somentes fai falla dispor dunhas poucas horas libres e o ánimo necesario para percorrer a pé 19,8 quilómetros. Esa é a lonxitude da ruta de senderismo que vai de Vigo a A Carosa (Redondela) e que pon ao alcance do camiñante o descubrimento dunha orografía diversa, ao longo dun trazado que discurre, paso a paso, polas ladeiras do monte A Madroa, o Vixiador, os montes de Negros e Xaronda, e ofrece nalgúns dos seus tramos magníficas vistas sobre a ría de Vigo e a ensenada de San Simón. Atravesa os rios Maceiras e Alvedosa e invita a sortear grandes desniveis, con pronunciadas ascensións e bruscos descensos.

Unha das localizacións de maior interese para o camiñante está na parroquia de Reboreda, bañada polo río Alvedosa, onde disfrutará ao descubrir a espectacular presenza da fervenza que forma o rio e os sons que provoca a caída da auga a tanta altura, nun dos paraxes máis populares e recoñecibles do termo municipal de Redondela.

Neste entorno e seguindo o curso do rio, construíronse un gran número de muíños. No momento de maior esplendor, a metade do século XVIII, chegaron a contabilizarse 35 muíños na parroquia de Reboreda, que foron moi importantes, tanto económica como socialmente, cumprindo  unha doble función, por unha parte como motores da economía agrícola de cereais que era o sustento da comarca e, por outra, como punto de encontro para os veciños de Reboreda, que celebraban as populares "muiñadas", festas no interior dos muíños con cantigas populares.

Eran muiños fariñeiros, utilizados para moer o gran, aproveitando as augas do río, canalizada desde un salto natural. Polo xeral, estes muíños eran comunitarios, establecendo quendas de moenda donde cada familia levaba o gran procedente da súa colleita. Pero tamén había muíños de propiedade particular, por cuxa utilización o usuario  facía un pequeno pago en especies denominado "a maquía".

Na actualidade os muíños que se conservan en Reboreda son os da Ponte, o de Peirao, o da Manga, o de Tareixa e o Vello, algúns deles recuperados como establecementos ao servizo dos turistas e visitantes, en paraxes ben conservadas e con abundante vexetación.

Pero amais destes, son numerosos os muíños existentes no termo municipal de Redondela: cinco en Cabeiro, un en Cesantes, quince en Cedeira, un en Chapela, once en San Esteban de Negros, doce en Saxamonde e seis en Trasmaño.





## ARBORES SENLLEIRAS EN REDONDELA

Amais de presumir de muíños, o termo municipal de Redondela concentra unha boa mostra dalgunhas das árbores máis senlleiras de Galicia. No núcleo da parroquia de Reboreda, moi preto da súa praza, destaca a imponente figura do Carballo das cen polas, unha árbore monumental, obxecto de culto e veneración non só dos veciños, senon de Galicia enteira. Preto dela, está outra maxestuosa árbore, a Sobreira do Cristo de Arriba, que pola súa singularidade, forma parte do Catálogo de Arbores e Formacións Senlleiras de Galicia. Amais desta sobreira de Reboreda, tamén están incluidos neste catálogo o Caloedro do Pazo de Torrecedeira, así como as camelias e unha tuia xigante no pazo de Torres de Agrelo.





## ¿SABÍAS QUE...?

A Xunta de Galicia creou en 2007 o Catálogo de Arbores e Formacións Senlleiras para asegurar medidas de protección específicas para exemplares de excepcional porte, idade, significación histórica ou interese científico. Nel aparecen catalogados setenta e sete exemplares das máis diversas especies, como carballos, castiñeiros, sobreiras, palmeiras ou magnolios,  que crecen en espazos públicos, xardíns pacegos ou alamedas.



# JULIO VERNE EN REDONDELA

A Vila de Redondela foi testemuña de numerosos e relevantes episodios históricos como é a famosa Batalla do Estreito de Rande, importante combate naval librado dentro da Enseada de San Simón onde se sitúa actualmente a emblemática Ponte de Rande, no interior da Ría de Vigo.

Dentro do contexto da Guerra de Sucesión Española, o 22 de outubro de 1702 unha gran escuadra anglo-holandesa afundiu parte da frota hispano-francesa que se refuxiou no Estreito de Rande cargada de ouro e prata procedentes das posesións españolas en América.

Curiosamente, na súa novela 20.000 leguas de viaje submarino Julio Verne localizou no escenario desta batalla a fonte de aprovisionamento de ouro do capitán Nemo, ata onde periodicamente se trasladaba co seu submarino Nautilus para financiar as súas expedicións cos tesouros que se atopaban no fondo das augas de Rande.

Nesta obra publicada en 1869, o escritor francés narra, concretamente no capítulo VIII da segunda parte, titulado "A Baía de Vigo", a expedición dos homes da tripulación do Nautilus aos fondos da Ría de Vigo para extraer o suposto ouro que, segundo as lendas, aínda acubillan os restos submarinos da batalla viguesa.

Esta alusión literaria de Verne, considerado padre da ciencia-ficción, ten a súa merecida homenaxe na praia de Cesantes, ao fondo da ría de Vigo, onde se sitúa un espectacular grupo escultórico en bronce como tributo á honra que supón que o autor francés escollese a Ría de Vigo para situar o tesouro do protagonista Nemo.



*Capitán Nemo: -"Pues bien, señor Aronnax, estamos en la bahía de Vigo, y sólo de usted depende que pueda conocer sus secretos (...)*

*(...) En un radio de media milla en torno al Nautilus las aguas estaban impregnadas de luz eléctrica. Se veía neta, claramente el fondo arenoso. Hombres de la tripulación equipados con escafandras se ocupaban de inspeccionar toneles medio podridos, cofres desventrados en medio de restos ennegrecidos. De las cajas y de los barriles se escapaban lingotes de oro y plata, cascadas de piastras y de joyas. El fondo estaba sembrado de esos tesoros. Cargados del precioso botín, los hombres regresaban al Nautilus, depositaban en él su carga y volvían a emprender aquella inagotable pesca de oro y de plata.*

*Comprendí entonces que nos hallábamos en el escenario de la batalla del 22 de octubre de 1702 y que aquél era el lugar en que se habían hundido los galeones fletados por el gobierno español. Allí era donde el capitán Nemo subvenía a sus necesidades y lastraba con aquellos millones al Nautilus. Para él, para él sólo había entregado América sus metales preciosos. Él era el heredero directo y único de aquellos tesoros arrancados a los incas y a los vencidos por Hernán Cortés.*

*-¿Podía usted imaginar, señor profesor, que el mar contuviera tantas riquezas? -preguntó, sonriente, el capitán Nemo.*








As esculturas de Cesantes representan ao capitán Nemo sobre un pedestal e a dous buzos do Nautilus transportando cofres. Este monumento, realizado conxuntamente por Ramón Lastra e o escultor Sergio Portela, é cuberto pola marea cando esta sobe, quedando completamente mergullados os submarinistas e asomando o capitán Nemo sobre a superficie.




# A LINGUA MÁIS SABOROSA
## En galego, da mañá á noite

Os locais Hostal Antolín, Bar Aifos, Cafetería Sol, O Café da Vila, Mesón La Isla, Bar A Cova e Churrería Pepe participarán na campaña de normalización "A lingua máis saborosa" organizada pola Concellaría de Normalización en colaboración coa Asociación de Empresarios de Redondela.

A obxectivo desta acción conxunta é achegar á hostalaría local- un dos sectores máis dinámicos e con máis repercusión social da actividade empresarial- recursos novidosos para estimular a utilización da lingua galega como lingua preferente nas súas relacións cos clientes, na oferta de servizos e produtos, e na súa publicidade.

A campaña, que estará visible a través de soportes de menús do día ou cartas, e panos de mesa co agradecemento "Grazas por escollernos", incluirá carteis publicitarios e dípticos coa promoción da mesma e un glosario de termos da hostalaría e os seus produtos. Deste xeito a lingua galega estará presente na hostalaría redondelá como un sinal de identidade e de orgullo do propio, pero tamén co agradecemento a toda a xente que usa os seus servizos.

Ao sumárense a esta iniciativa os establecementos hostaleiros adquiren tamén un compromiso de continuidade, a progresiva galeguización de todos os soportes do seu establecemento, e a utilización da lingua galega como lingua preferente. Para lles facilitar este labor, o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estará á súa disposición para corrixir e redactar a publicidade, páxinas web, folletos informativos, cartas, menús e todos os carteis ou indicadores do local.

CLINICAS VITAL DENT

DE REDONDELA OFRECE REVISION DENTAL TOTALMENTE GRATUITA PARA QUE PUEDA USTED CONOCER EL ESTADO ACTUAL DE SU BOCA


parte del equipo de Drs. y aux de la clínica

Gracias a las últimas tecnologías, los mejores materiales y la profesionalidad de nuestros implantólogos, es posible recuperar la sonrisa perdida en muy poco tiempo y, lo más importante, volver a tener plena funcionalidad bucodental.

En Vitaldent Redondela le ofrecemos:

• Nanotecnología de implantes. Esta tecnología favorece la integración del implante en el hueso y reduce el tiempo de tratamiento. Se realiza con materiales 100% compatibles.

• Implantología de carga inmediata. Mediante la colocación de implantes y tan sólo en unas horas, recuperará la funcionalidad de su boca.

• Además, recientemente hemos incorporado una nueva gama de implantes indicada para aquellas personas que por motivos óseos no pueden colocarse un implante.

Detrás de nuestra clínica, existe una central que da soporte a la red de clínicas odontológicas más relevante de España. 400 clínicas repartidas por todo el país.

Queremos invitarle a que nos conozca y deposite su confianza en nosotros como ya han realizado 4.000.000 de pacientes en toda España, ofreciéndole una **REVISION DENTAL TOTALMENTE GRATUITA** para que pueda usted conocer el estado actual de su boca.

# UNHA EMPRESA DE REDONDELA FABRICA PRENDAS DO NOVO UNIFORME DA GUARDIA CIVIL

A empresa Sagres S.L., filial do grupo Partenón con sede en Redondela, está fabricando algunhas prendas do novo uniforme da Guardia Civil. A nova uniformidade de servizo de alumnos e equipos individuais e de apoio van sair das instalacións de Sagres en Prego de Montao. Alí, unha plantilla de máis de 70 profesionais traballa cunha alta especialización en vestiario técnico para corpos e forzas de seguridade, con produtos impermeables, transpirables e ignífugos, realizados en materiais de última xeración.

No mes de setembro, Sagres resultou adxudicataria dun concurso do Ministerio do Interior para fabricar equipos individuais e de apoio da nova uniformidade do servizo de alumnos por valor de 3,6 millóns de euros, así como cazadoras e pantalóns de servizo por 10,1 millóns. O conxunto dos uniformes, con calzado e complementos, está a ser fabricado por diferentes empresas radicadas en Galicia, País Vasco e Levante, entre outras. Antes de ser aceptados, os prototipos destes novos deseños foron probados por gardas de distintos lugares, para asegurar a súa confortabilidade.

O deseño das novas prendas axústase aos criterios resultantes dun estudo realizado a nivel europeo orientado a modernizar os uniformes dos corpos de seguridade e, sobre todo, facelos máis prácticos. Baixo eses parámetros, o novo uniforme manten a cor verde, pero nun tono máis oscurecido. As camisas serán substituidas por polos e os pantalóns de pinzas por outros máis prácticos con numerosos petos. Asemade, algúns cambios, como a desaparición da gravata obedecen a criterios de seguridade. As cazadoras están fabricadas con materiais máis aillantes para protexer do frío e da choiva.

Os axentes irán incorporando paulatinamente os novos uniformes, sendo os primeiros en renovar a imaxe aqueles que prestan servizo directo aos cidadáns.

## ALTO DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

Desde a década dos 90, Sagres concentra os seus recursos en fabricar produtos cun alto desenvolvemento tecnolóxico. Un potente departamento de I+D, no que se planifican e programan os proxectos de investigación máis punteiros, asegura a competitividade dos produtos tamén nos mercados internacionais. Produce ropa para bombeiros de toda España, para policías locais, nacionais e axentes de policías autonómicas, e exporta a Italia, Portugal, Alemaña e Gran Bretaña.

A súa alta especialización no téxtil de última tecnoloxía e a investigación de novos materiais, fixola merecedora dunha mención especial nos premios Galicia de Investigación en 2006.




CALIDAD TURÍSTICA
RESTAURANTE ASADOR
Los Abetos
Mucho más que sabor desde hace 28 años
Avda. Val Miñor 89 36350 Nigrán · Pontevedra
Telfs. +34 986 368 147 · +34 986 368 387
losabetos@losabetos.com

# HAITÍ

# O CONCELLO DE REDONDELA CONTRIBÚE CON 2.000 EUROS AO PROXECTO DO FONDO GALEGO NO HAITÍ



O Concello de Redondela achegou 2.000 euros á intervención de post-emerxencia que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén de pór en marcha no Haití. O proxecto permitirá, entre outras cuestións, formar preto dun cento de persoas en técnicas de construción antisísmicas e anticiclónicas con materiais tradicionais. A iniciativa, formulada canda o Fons Català de Cooperació, desenvolverase nos municipios de Carice, Vallières e Monbin Crochu, na fronteira nordeste coa República Dominicana. A entidade municipalista achega 160.000 euros procedentes de diversas administracións socias e algúns cidadáns que realizaron as súas doazóns a través da conta de emerxencia aberta tras o devastador terremoto do 12 de xaneiro.

O proxecto de apoio ao desenvolvemento local presentado polo Fondo Galego actúa en varias frontes co fin de crear capacidades rexionais para mellorar as condicións de vida da poboación en equilibrio coa natureza, e así disipar os riscos e mitigar os desastres provocados polos fenómenos naturais na illa caribeña. Trátase, en definitiva, de apoiar as institucións e ás organizacións sociais para fortalecer a súa capacidade de desenvolveren plans de acción que disipen esa vulnerabilidade, aplicando políticas para o uso e ocupación do solo e sensibilizando á cidadanía para unha axeitada xestión da terra.



Para conseguilo, dunha banda impulsarase un programa intermunicipal de concertación de políticas públicas arredor de cuestións como a ordenación do territorio, a sostibilidade ambiental, o crecemento económico e a prevención de riscos. Tamén se adaptarán os plans de estudos que afectan aos 60



alumnos do Centro de Formación Profesional de Carice de acordo aos novos retos nas disciplinas de agroecoloxía, construción local adaptada, socio-administración e economía social.

Ao mesmo tempo, construirase un centro polivalente intermunicipal que se constituirá como un espazo intercomunal para o desenvolvemento local. Erguerase con estruturas e materiais resistentes aos terremotos e os furacáns que terán en conta a recuperación do medio ambiente e o emprego de elementos tradicionais. Entre eles destacan a arxila e o bambú, principalmente a clase chamada 'guadua', tamén coñecida como 'aceiro vexetal', que está a dar excelentes resultados noutros países de tradición sísmica. De xeito paralelo impartirase un taller sobre economía social e fortaleceranse as capacidades dos produtores coa plantación de bambú e outras especies vexetais, a transformación da arxila ou a reciclaxe de materiais para a construción. A edificación resultante será un exemplo para futuras vivendas na zona e servirá como práctica para unhas 90 persoas que sairán graduadas en construción.

A iniciativa cofinanciada en Haití polo Fondo Galego de Cooperación terá aínda un cuarto resultado. Crearase un sistema de información intercomunal en base á vulnerabilidade da poboación en relación aos riscos e desastres que implicará aos comités de Protección Civil de cada un dos tres municipios. En total, calcúlase que o proxecto completo repercutirá sobre preto de 500 beneficiarias e beneficiarios que se seleccionaron tendo en conta, entre outros, criterios de equidade territorial urbano-rural e de equidade de xénero. Son institucións, organizacións locais, profesionais e estudantes, aínda que se considera que indirectamente os efectos positivos repercutirán sobre os 64.000 habitantes que suman Carice, Vallières e Monbin Crochu.

fondo galego de cooperación e solidariedade

## O FONDO GALEGO

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha rede que actualmente engloba a 96 Concellos e ás catro Deputacións de Galicia. Foi fundado en 1997 como un foro a través do que consensuar e concentrar os esforzos dos poderes locais galegos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Trátase deste modo de garantir unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos ambiciosos que teñan un verdadeiro impacto nos países do Sur e facilitar unha meirande sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional.

Desde a súa fundación, a asociación ten desenvolvido 135 proxectos en máis de 20 países, e organizado e editado multitude de actividades e materiais en relación aos desequilibrios existentes entre os países do Norte e do Sur. Ten garantido a presenza da solidariedade do pobo galego nas catástrofes que afectan a aqueles países do mundo con menor capacidade para as enfrontar, con proxectos de reconstrución (como os casos de Sri Lanka, despois do maremoto de 2004, Cuba, despois dos furacáns de 2008 ou Gaza, despois dos bombardeamentos israelitas de finais de 2008 e primeiros de 2009). Na actualidade mantén aberta a conta de emerxencia para a reconstrución do Haití.



As bibliotecas municipais de Redondela están a ter cada vez máis socios como é o caso da **Axencia de Lectura Municipal de Chapela**, que xa alcanzou o millar de usuarios.

A socia número 1.000 foi Begoña C. Blanco Monteiro, -na foto co seu fillo tamén socio-, quen recibiu un agasallo da biblioteca.

A Axencia de Lectura de Chapela, que leva cinco anos en funcionamento, ten actualmente unha oferta de títulos que xa supera o dobre da existente nos seus comezos, e cun catálogo que se pode consultar on line.

http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=PAM030

# CADA VEZ MÁIS SOCIOS LECTORES NAS BIBLIOTECAS



# ENCONTROS CON CIENTÍFICOS E ACTORES NA SEMANA DA CIENCIA 2010

O grupo de investigación Neurocom da Universidade da Coruña celebrou en Redondela nos meses de outubro e novembro tres "Cafés-teatro-científicos" no marco da Semana da Ciencia 2010. Baixo o epígrafe de" Que pasaría se xuntasemos nun bar a..."estes encontros achegaron dúas disciplinas –a artística e a científica- aos cidadáns da vila redondelá. Nestes cafés-teatro-científicos participaron actores e físicos, neurofisiólogos, matemáticos, biólogos e ecólogos.

O 29 de outubro no local O escondiño xuntáronse o actor Vicente de Souza, así como os físicos e profesores da Universidade de Santiago Eduardo Sánchez e Enrique Zas. Na xornada do 4 de novembro, no mesmo bar, formaron parte do encontro o actor César "Goldi", a matemática e profesora da Universidade de Santiago Elena Vázquez e o neurofisiólogo Casto Rivadulla. A última das sesións foi o 20 de novembro, coas intervencións do actor Vicente de Souza, o biólogo e investigador do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán Luis Sampedro, e o ecólogo e profesor da Universidade de Vigo Alberto Sampedro.



# "PREESCOLAR NA CASA"

## ASESORA AOS PAIS NA EDUCACIÓN DOS SEUS FILLOS

Orientar ás familias e facilitar aos pais a educación e crianza dos seus fillos nos primeiros anos de vida é o traballo que desenvolve a fundación Preescolar na casa, unha organización sen ánimo de lucro que conta con varios grupos en toda a comarca. O pasado 18 de novembro organizaron unha reunión no Multiusos de Arcade para familias con nenos de idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, na que estivo presente a mestra e orientadora Isabel Campos Fernández quen explicou que o obxectivo das xuntanzas é que as familias compartan as súas problemáticas e entre todos procurar solución satisfactorias.

O Programa Preescolar na casa é un servizo gratuíto que funciona en Redondela, con dous grupos; un no centro de saúde e outros na Casa da Cultura, e tamén traballa nos concellos de Pazos e Soutomaior.




# A LOITA POLA LIBERDADE DAS MULLERES REDONDELÁS

O pasado 19 de novembro tivo lugar no Multiusos da Xunqueira a presentación do libro "MULLERES REDONDELÁS", unha publicación que recompila o labor de mulleres veciñas de Redondela que loitaron activamente por acadar moitos dos dereitos que hoxe en día ninguén cuestiona, pero que custou anos e vidas telos.

Editado pola Concellería de Igualdade de Redondela, este traballo sirve tamén de manual de consulta no ámbito educativo e persigue que a historia destas mulleres no caia no esquecemento.

O libro divídese en varios capítulos: no primeiro deles exponse a obra dunha serie de mulleres que ao longo da súa vida fixeron múltiples accións ou labores que son dignos de destacar. Nos seguintes capítulos da obra destácanse diversos feitos históricos acontecidos a nivel local, nos que as actrices protagonistas foron as mulleres redondelás.

Todas as mulleres que aparecen nesta publicación son mulleres valentes, que souberon facerse valer e non calaron a súa voz, mulleres independentes, loitadoras e libres. Algunhas delas tan libres e cunha mentalidade tan aberta que moitos dos seus contemporáneos non estiveron dispostos a permitilo. Seguramente, en moitas ocasións, cando algunha delas quixo destacar foi sinalada polo resto do grupo.



# PEPA A LOBA

Os lobos son frecuentes protagonistas na cultura popular galega, na que están presentes baixo moi distintas apariencias. Ás veces, presentanse como animais feroces; outras cunha potencia e poderes extraordinarios; e outras, con inclinacións malditas próximas á loucura.

Esas portentosas atribucións toman corpo en Pepa a Loba, a lenda dunha muller extraordinariamente decidida, posuída por unha enorme forza e valentía. A máis famosa bandoleira galega, cuxo lugar de nacemento na provincia de Pontevedra non está claramente determinado, pero sí hai a certeza de que foi no seo dunha casa humilde. A súa nai era coñecida como A Falucha, mentres o pai era desconeñecido, atribuíndo os veciños a paternidade a Albeite, irmán do tendeiro do pobo.

Sendo moi cativa, comezou a traballar no campo coidando as ovellas da súa tía Dorinda e naqueles primeiros anos da súa vida foi cando se gañou o sobrenome de Pepa a Loba, tras enfrontarse a palos cun lobo que atacou ao seu rebaño. Pepa prantou cara ao lobo cun pao coa axuda do seu can, Lueiro, co resultado do lobo morto e a pequena malferida.

Esa fazaña e a morte temprana da súa nai marcaron a infancia de Pepa que, ao quedar orfa, pasou a estar ao coidado de Dorinda, véndose obrigada a mendigar por feiras e mercados e a seguir traballando no campo.

Anos despois, Dorinda obriga a Pepa a vivir co tendeiro do pobo, coa esperanza de que fosen amantes e así conseguir algún trato de favor do comerciante.

Pero o tendeiro, no canto de tratala como unha amante, decide darlle o trato propio dunha filla e contrata a un estudiante para que se ocupe da súa formación. Os dous mozos namoranse. E ao pouco tempo o tendeiro é asasinado cun coitelo de cociña clavado no peito. Pepa foi encarcelada como sospeitosa e condenada a cadea perpetua.

Pero no pobo había sospeitas de que o crime tiña sido cometido por Albeite, irmán do tendeiro, do que supoñían era pai de Pepa. Ela permanece no cárcere de Pontevedra durante moito tempo, no que se vai convertindo nunha muller chea de rencor e con enormes desexos de vinganza. Disfrazada de cura, consigue fuxir do cárcere, obsesionada con vingarse de Albeite. Axudada unha vez máis polo seu can Lueiro, conseguíu acabar coa vida deste, levando o seu cadáver ao monte para ser devorado polos lobos. Ese sería o primeiro crime de Pepa a Loba, que se ve obrigada a fuxir a vivir ao monte e formar unha banda de bandoleiros cos que realiza numerosos robos, crimes e asaltos.

A provincia de Pontevedra sufríu o maior número de actuacións, asaltos a caminantes, pazos e casas rectorais. Pero non foi a única. A lenda sitúa as andanzas de Pepa a loba tamén no Cebreiro, onde se contan asedios na Seara do Courel, restitución de bens a victimas de asaltos en Campelo de Ruqueira ou refuxios en Donís, para ocultarse das autoridades.

Contan que Pepa a Loba morreu nun dos asaltos, cando lle botaron aceite fervendo, poñendo así fin aos días dunha muller que foi temida e admirada, por igual.

O atractivo de Pepa a Loba é tal, que mesmo ten sido fonte de inspiración creativa, literaria e musical. O escritor Carlos González Reigosa publicou un libro no que leva ao plano literario esta figura, que se move entre a lenda e a historia. O autor realiza neste libro un traballo de investigación histórica para facer literatura sobre este personaxe tan destacado do imaxinario colectivo galego. E Os Herdeiros da Cruz titularon co nome de 'A cuadrilla de Pepa a Loba' un dos seus discos.

# REDONDELA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO




Co motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o pasado 25 de novembro, centos de veciños de Redondela concentráronse diante da Casa do Concello ás 12 horas, nun acto convocado pola Concellería de Igualdade a prol da erradicación da violencia contra as mulleres. Dende Igualdade aproveitaron a data para denunciar tamén a redución de recursos que a Xunta destina á combater a violencia contra as mulleres.

Neste acto tivo lugar a lectura da Declaración Institucional do Concello de Redondela polo día Internacional contra a violencia de xénero, nun ano no que son xa 66 as mulleres oficialmente mortas por violencia de xénero en todo o estado ademais de 3 menores, de 4 meses, 3 e 5 anos quen tamén faleceron coas súas nais.

No marco da programación para festexar o día en contra da violencia machista, a Concellaría de Servizos Sociais e Igualdade celebrou os días 17 e 18 de novembro dous obradoiros dirixidos a mulleres na Asociación de Veciños de Sto. Estevo de Negros e no Centro Cultural de Vilar de Infesta, respectivamente. Os obradoiros foron impartidos por unha profesional da psicoloxía pertencente a PARADOXO, estudo de psicoloxía de Redondela.O celebrado en Negros foi "A saúde na muller: o coidado interior para protexernos do exterior", e o de Vilar de Infesta "Muller: a importancia de coidarse", e o seu obxectivo principal foi salientar a importancia da saúde nas mulleres, tanto a saúde corporal como a mental, e a necesidade de coidar seriamente a autoestima feminina como base para a mellora da súa saúde.




